

O oito de marzo de 1908 cento vintenove mulleres traballadoras da empresa téxtil «Cotton» de Nova York declaráronse en folga e ocuparon as fábricas reivindicando unhas mellores condicións de traballo. A patronal actuou duramente e chamou á policía para que as fixera saír. Como elas se negaron a abandonar o edificio, botaron no seu interior bombas incendiarias, queimando ás cento vintenove mulleres. Pouco despois, en 1910 declarouse o oito de marzo o DÍA INTERNACIONAL DA MULLER en lembranza das mulleres mortas en Nova York.

### Cuestións

1. ¿En que sentido podemos considerar a estas mulleres pioneiras?
2. ¿Por que cres que traballar nunha fábrica pode ser un elemento liberador para as mulleres?
3. As mulleres que traballan na súa casa coidando as criaturas, facendo de comer, limpando, lavando, pasando o ferro, atendendo ás persoas enfermas, etc., ¿podemos dicir que non son mulleres traballadoras?
4. ¿Que che parece máis axeitado: falar do «Día da Muller Traballadora» ou do «Día da Muller»?
5. Normalmente cando falamos de traballo ¿a que nos estamos a referir? ¿Que é o que fai que unha tarefa se considere «traballo»?
6. ¿Entendes a diferenza entre traballo reproductivo e traballo productivo?

## Aprendendo a ver a desigualdade

Imaxina e sitúa no mapamundi estas posibles situacións. Tamén podes facer un debuxo ou un cómic para ilustralas (repara nas características físicas e estéticas das diferentes culturas ás que alude o texto).



### «Non lonxe de aquí, non moi lonxe alí, alí tamén, e nou- tro lugar...»

Non lonxe de aquí, nun estudio cinematográfico, o realizador píde- lle á actriz que se ispa. Sorprendida, dille que esto non está no guión nin no contrato. Négase. El insiste. Ela resístese. El insiste de novo, dille que un minuto de rodaxe custa caro. Ela dubida. El dille que está a facer esperar a todo o equipo. Ao cabo dun momento ela termina cedendo.

Non lonxe de aquí unha muller perde o seu traballo porque se nega a someterse ás propostas do seu xefe. Ela non se atreve a denun- cialo.

Non lonxe de aquí tamén unha rapaza é violada. Queda embaraza- da. Ela e os seus pais queren o aborto. As leis do seu país non llo permiten.

Alí unha deportista é ameazada por un movemento relixioso porque corre en pantalón curto. Dunha muller só se pode ver o rostro, as mans e os pés.

Alí uns rapaces matan a unha moza a pedradas porque levaba un vestido demasiado curto.

Alí tamén unha muller virxe, moza e fermosa vale varios camelos.

Alí mátase a miúdo ó primoxénito dunha familia no caso de que se- xa unha nena. O neno asegura a liñaxe e a vellez do seu pai. O con- trol de natalidade favorece esta práctica.

Alí os homes prohíben ás mulleres o acceso a certos lugares por- que traen mala sorte. Alí tamén os maridos prestan á súa muller a outros homes con fins sexuais e fano sen o consentimento dela. Tamén a xogan ao póquer.

Alí, cando un home morre, a súa esposa é queimada con el. Ela perténcelle e, sen el, xa non é nada socialmente.

Alí tamén a xente mata a pedradas á muller que foi violada.

Alí unha muller é condenada a vinte anos de prisión por matar a un dos homes que a violou.

Alí córtase o pracer das mulleres no seu propio corpo. Tamén se lles cose. É o costume».

Sucesos de Chantal de Spiegeleer, (Khinsasa, Zaire) en: Goetzinger, A. et al. (1992): Los derechos de la mujer. Vitoria-Gasteiz, Ikusager.



## Xogo de enigmas

Imos proporche dous ENIGMAS; tenta resolvelos.

**«Laxe tiña un irmán. O irmán de Laxe morreu. Mais o home que morreu nunca tivo un irmán.»**

**«Un pai e mais o fillo ían en coche cando, de súpeto, o pai perdeu o control do vehículo e chocaron contra un poste telefónico. O pai morreu no acto, o fillo quedou maltreito e foi levado rapidamente ao hospital, onde se lle apreciaron lesións importantes que requirían unha urxente intervención. Foi chamado o equipo médico de garda e, cando chegou á sala de operacións para examinar ao rapaz, oíuse unha voz: ¡Non podo operar este neno, é meu fillo!»**

Tirado de: O besbello saltón, revista do IES Alexandre Bóveda, Coia, Vigo, 1992.

A solución destes dous enigmas non é atopada con facilidade. Estudos recentes amosan que só un de cada oito homes e unha de cada seis mulleres son capaces de contestar correctamente. Aquí, o xogo «vexo vexo... ti que ves», vírse en «VEXO VEXO... QUE NON VES». Neste caso o que non vemos é que Laxe é unha muller e que a voz que se oíu no hospital era a voz da nai.

¿Por que pensas que hai dificultades para acertar a solución?

¿Se cadra hai cousas que non vemos?

A dificultade para resolver estes enigmas amosa o ocultamento que se fai da muller na linguaxe, o pensamento masculinizado, ver o home detrás de case todas as profesións. Descubrir que Laxe é unha muller ou que un fillo ten dous proxenitores, nai e pai, queda obstaculizado polos prexuízos e os estereotipos sobre as mulleres.



### Newton


Un **estereotipo** é o conxunto de caracteres típicos que se supón posúen os membros dun grupo. É a imaxe que socialmente se ten de cómo son unha categoría de persoas. Estas ideas prefixadas sobre a forma de ser dos individuos con frecuencia son desfavorables. Os estereotipos descansan en ideas preconcebidas e inflúen profundamente na conducta de todas as persoas. Transmítense de xeración en xeración e evolucionan máis lentamente que a realidade social. Hai estereotipos étnicos, nacionais, sexuais, profesionais, etc. Os estereotipos conforman a nosa personalidade, pois socialmente esixesenos que, dun xeito ou doutro, nos adaptemos a eles, nos comportemos como se espera que o fagamos, seguindo os rastros estereotipados do grupo ao que pertencemos.

## Cuestións

1. ¿Quen se encarga do traballo doméstico en case todos os fogares? ¿Quen coida ás persoas enfermas e ás criaturas? ¿Por que?
2. ¿Quen se prostitúe? ¿Por que?
3. As agresións sexuais, o acoso, a violación... ¿Quen as padece? ¿Por que?
4. ¿Cres que a muller se atopa discriminada no mundo actual? Explica cómo e por qué.
5. ¿Cal cres ti que son as causas da discriminación da muller?
6. ¿Cres que o pacifismo ten que ver con este problema?
7. ¿Que entendes por Feminismo?
8. ¿Por que as feministas son obxecto de rexeitamento, de chistes fáciles, de resentimento? ¿Por que cres que "molestan" as feministas? Estas actitudes nunca as atopamos contra pacifistas ou ecoloxistas. ¿Por que?
9. ¿Sabes o que son os estereotipos de xénero?
10. ¿Cres que os homes tamén son vítimas deste mundo de desigualdade? ¿Cres que os homes son conscientes da súa situación?

## ¿Sabías que...?

- **as mulleres cobren o 67% de horas de traballo do mundo, pero só gañan o 10% e son propietarias do 1%? (EL País)**
- un tercio das familias de todo o mundo está a cargo de mulleres (PNUD)
- **as españolas dedican unha hora diaria ao coidado das súas criaturas, mentres que os españois, só 13 minutos (Instituto de la Mujer)**
- os países que investiron en educación feminina beneficianse dunha maior produtividade económica (BM)
- **dentro de 474 anos haberá igualdade laboral entre homes e mulleres (Oficina Internacional do Traballo, OIT)**
- cen millóns de nenas foron sometidas a mutilacións xenitais (PNUD)
- **por cada ano de escolarización da muller, o seu índice de fertilidade descende entre un 5% e un 10% (ONU)**
- un tercio das mulleres de Estados Unidos, Barbados, Países Baixos, Canadá Noruega e Nova Celandia sufriron malos tratos sexuais na infancia (PNUD)
- **en Suecia, as vantaxes por maternidade inclúen 15 meses de baixa para a nai e 18 de ausencia para o pai (EL País)**
- unha de cada seis mulleres sufriu unha violación na súa vida e cen millóns de nenas padecen mutilacións nos xenitais (ONU)
- **«Non hai actualmente ningunha sociedade onde as mulleres dispoñan de iguais oportunidades que os homes (...) persiste unha disputa xeneralizada de desigualdade entre as mulleres e os homes en canto ao seu acceso á educación, á saúde e á nutrición, e aínda máis na súa participación nas esferas económica e política»(PNUD)**



## Proverbio

«O home á praza e a muller á casa»

**Busca** datos, palabras, frases, refráns, etc. que sexan sexistas e discriminen tanto aos homes como ás mulleres en función do xénero como por exemplo »iso é unha mariconada«, «a muller e a sartén na cociña están ben», etc.



**Acción positiva** ou **discriminación positiva** é un paso adiante no camiño da igualdade que pretende sinalar a necesidade de apoiar e promocionar especialmente á muller para poder así superar as desvantaxes derivadas do seu sexo.

¿Podes poñer algún exemplo de acción positiva?

¿Paréceche que esta alternativa é xusta?

A discriminación da muller amósase en todos os campos:

**Discriminación social:** baseada na separación da vida pública e a privada. O home apropiouse da vida social, do poder e dos recursos económicos e á muller encomendáronse as tarefas domésticas, a atención da casa, do seu home, das criaturas e das persoas enfermas. Hai unha diferenza na valoración, no respecto e no prestixio entre os dous sexos.

**Discriminación laboral:** os homes encargábanse dos traballos retribuídos mentres que o traballo das mulleres era o non pagado. Tanto no traballo asalariado como na taxa do paro hai grandes diferenzas entre homes e mulleres.

**Discriminación educativa:** ata ben entrado o século XX a muller non podía acceder á universidade. Aos homes inculcábaselles a mentalidade activa e o espírito emprendedor e ás mulleres, a docilidade e o coidado. Hoxe a coeducación aínda é un proxecto.

**Discriminación sexual:** a moral sexual tradicional é permisiva para os homes tolerando o adulterio e as relacións extramatrimoniais e para as mulleres defende a castidade e a fidelidade conxugal. A sexualidade segue aínda vencellada á procreación e custa admitir o pracer das mulleres.



## «O proceso do feminismo é un proceso de conciencia»

¿Que cres que quere dicir esta frase?

¿Un home pode ser feminista?

¿Podemos falar de dereitos humanos de costas ao feminismo?

## INFORMACIÓN

O **Feminismo** é un movemento social que avoga pola igualdade nas condicións persoais, sociais e laborais, e formúlase tarefas como: manter a igualdade no traballo (igual salario e condicións laborais para homes e mulleres), acadar unha educación non sexista, eliminar o sexismo na linguaxe, combater o acoso sexual no mundo laboral, apoiar legalmente e acoller a mulleres separadas, maltratadas e sen recursos, revalorizar o traballo doméstico...

O feminismo non implica a ruptura co home, senón coa idea de que este sexa un ser superior. Así, o feminismo é unha filosofía que loita pola liberdade, que é un dos grandes motores que fixo avanzar a humanidade, tendo en conta que a liberdade das mulleres non implica a escravitude dos homes, de igual xeito que estes non poden soñar con seren libres se seguen a oprimir ás mulleres. O feminismo tamén é unha nova concepción do mundo, visto a través das mulleres. Un mundo de paz onde convivan sen marxinação nin opresión de ningún tipo tanto homes coma mulleres, nenas e nenos, novos e anciáns. O feminismo dá pulo para que se desenvolva a conciencia activa de ser muller e de coñecer as causas da súa opresión para a súa liberación como seres humanos, defendendo a razón e a vida, e loitando para que a liberdade non sexa algo abstracto e privilexio duns poucos.

É tamén un campo teórico relacionado coa filosofía que fai análises de tipo ético, xurídico, psicolóxico, científico, etc.

O feminismo é ademais unha alternativa global ao modelo social e económico do capitalismo actual, que pretende incluír tamén aos homes na súa procura pola emancipación de todos os grupos marxidados da sociedade. Pretende facer unha **crítica** aos valores dominantes inspirados na masculinidade como a competitividade e éxito económico, proponendo os valores tradicionais da cultura feminina: cooperación, amor, amizade, tenrura, sensibilidade estética, etc.

Como movemento social e político ten a súa orixe na Ilustración a partir da cal xorden mulleres como Olimpia de

Gouges que escribe a Declaración dos dereitos da muller e da cidadá e Mary Wollstonecraft que é a autora de Vindicación dos dereitos da muller.

Unha das loitas máis importantes foi a que se levou para acadar o **dereito ao voto** das mulleres -movemento sufraxista- que en España non se consegue ata a II República en 1932, onde destaca Clara Campoamor, chegando a ser primeira ministra en 1936 a dirixente anarquista Federica Montseny. As escritoras Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal preocupáronse pola educación das mulleres.



Anxo Cabada



Shirin Neshat



Barbara Kruger. «O teu corpo é un campo de batalla».

Tamén é unha **filosofía** con importantes pensadoras que tratan de fundamentar as causas das desigualdades e profundar nelas abrindo canles de superación. Entre outras están: Simone de Beauvoir, Carol Pateman, Sheyla Benhabib, Carol Gilligan, Amelia Valcárcel, Adela Cortina, Victoria Camps, Celia Amorós, etc.

Existen distintas organizacións como grupos feministas, ecofeministas, ecopacifistas, institucións oficiais como o Instituto da Muller, as consellerías nas autonomías e nos concellos; institucións políticas como as Comisións da Muller en partidos e sindicatos; institucións universitarias con cátedras e departamentos de estudos feministas; tamén se organizan congresos, conferencias mundiais, etc. para abordar os problemas das mulleres no mundo médico, xurídico, educativo, cultural ou laboral.

## División sexual do traballo e control da sexualidade feminina

A **división sexual do traballo** –entendida como o reparto social das tarefas en función de sexo– tradúcese na maior parte das sociedades nunha xerarquización en canto á valoración social e económica outorgada ás funcións que unhas e outros desenvolven, chegando a producir unha manifesta desigualdade entre os sexos.

A esta situación podémoslle sumar o **control da sexualidade feminina**, que para a antropoloxía se explica pola necesidade que ten o home de asegurar a súa paternidade; este control conleva a limitación da súa autonomía e a apropiación do seu corpo e da súa forza de traballo, que foron as características que axudaron á pervivencia do patriarcado en todas as culturas coñecidas.

Existe unha **asimetría na división sexual do traballo** en canto ao valor e a posición social que cada grupo lle outorga. A división sexual do traballo non corresponde necesariamente coa conformación biolóxica da muller, senón que depende dos costumes e tradicións de cada sociedade. Pois cada sociedade ten un sistema de valores e actitudes que serve de apoio e xustificación destas relacións asimétricas. Así podemos deducir que a ideoloxía da dominación precede á asignación das tarefas. O importante xa non é o traballo que a muller realice, senón máis ben o seu valor e prestixio social.

A supremacía masculina ou **patriarcado** consiste nunha «política sexual» exercida fundamentalmente polo colectivo de homes sobre o colectivo das mulleres. Este mecanismo de poder insta unha xerarquía na que os homes ocupan postos de poder e as mulleres subordinanse a el. Así o patriarcado aparece como unha constante en todas as sociedades incluso nas máis modernas sociedades occidentais.

A orixe da sociedade patriarcal produciuse pola división sexual do traballo, facendo que os homes se ocuparan da produción e as mulleres da reprodución. Esta foi a razón pola que as mulleres non tiveron acceso á organización social e política.

Nos albores da humanidade non se coñecía a relación causa-efecto entre o coito e o embarazo/ nacemento. A maternidade era unha cualidade máxica das mulleres que as facía superiores. Pero, cando se coñeceu o papel do home na reprodución, organizáronse unha serie de estruturas para controlar a propiedade privada, os sistemas de herdanza, etc. E implicou o control da sexualidade das mulleres e a aparición do matrimonio.

Co control da natalidade as mulleres empezaron a ter menos criaturas e isto permitiulles incorporarse ao traballo fóra da casa. Actualmente estanse a incorporar ao mundo productivo e os cambios sucédense día a día.

### Bibliografía

- Altable, Ch. (1991): Penélope o las trampas del amor. Madrid, Mare Nostrum, col. Forum Didáctico.
- Badinter, E. (1992): XY La identidad masculina. Madrid, Alianza.
- Bourdieu, P. (2000): La dominación masculina. Barcelona Anagrama
- ENXERGO (1999): Ética 4º da ESO. Vigo, Xerais.
- Harimaguada (1991): Carpetas didácticas de Educación afectivo-sexual. Consejería de Educación, Cultura y Deportes. Gobierno de Canarias.
- Oliveira, M. (1994): Eros: materiais para pensar o amor. Vigo, Xerais.
- Oliveira, M. (1998): La educación sentimental. Una propuesta para adolescentes. Barcelona, Icaria.
- Oliveira, M. (2000): ¿Quen somos? Filosofía 1º Bacharelato. Vigo, Xerais.
- Queizán, Mª X. (1995): Escrita da certeza. Espiral Maior.
- Ramos, J. (Compil.) (1993): El camino hacia una escuela coeducativa. Sevilla, MCEP.
- Salas, B. (1994): Orientaciones para la elaboración del proyecto coeducativo de centro. Bilbao, Maite Canal Editora.
- Santos Guerra, MA. (Coord.) (2000): El harén pedagógico. Perspectiva de género en la organización escolar. Barcelona, Graó.
- Steinem, G. (1992): Revolución desde dentro. Un libro sobre la autoestima. Barcelona, Anagrama.
- Urruzola, M. J. (1991): ¿Es posible coeducar en la actual escuela mixta? Bilbao, Maite Canal Editora.
- Yus Ramos, R. (2000): ¿Qué se debe enseñar en la escuela de hoy? A Coruña, Ludus, colección El placer de pensar.

### Enderezos de interese

Os recursos que se suxiren nesta unidade didáctica pódense consultar nas seguintes bibliotecas:

- Biblioteca do Centro de Formación e Recursos (CEFORE) da Consellería de Educación. Camiño do Chouzo, 2. Teléfono: 986 20 23 70.
- Biblioteca e Centro de Documentación da Muller Alecrín. Avda. García Barbón, 30-5º, oficina 8. Teléfono: 986 43 94 59. Páxina web: [www.alecrin.org](http://www.alecrin.org)

## Ideas e propostas

### Exercicio de reflexión

Pensa nas tarefas «femininas» e «masculinas» na nosa sociedade e repara no seu valor social. Repara tamén no uso lingüístico das profesións femininas e o seu poder ridiculizador (recorre a refráns, ditos populares, atributos descualificadores...)

### Xa somos 6.000 millóns

Xa somos 6.000 millóns de persoas no mundo, existe o control da natalidade, en Occidente cada día as mulleres teñen menos criaturas... ¿Como podemos entender que as mulleres sigan ancoradas no papel reproductivo?

### Vídeo

Coeducación, diferencias sin jerarquías 23'. Instituto de la Mujer.  
 Identidad y coeducación 22'. Instituto de la Mujer. Ministerio de Asuntos Sociales.  
 Zorión, pautas para un debate. Maite Canal Editora. Bilbao.

### Cine

Norma Rae, de Martin Ritt.  
 Antonia, de Marleen Gorris.  
 Mujeres insumisas, de Alberto Isaac (México).  
 Sólo ella, de Herbert Ross.  
 Persiguiendo a Amy, de Kevin Smith.  
 Acoso a una mujer, con Glenda Jackson.  
 Kandahar, de Mohsen Makhmalbaf.

### Xogo

ALTER EGO, xogo didáctico para traballar os valores. Maite Canal Editora. Bilbao

### Música

AMV (Agrupación de Mujeres Violentas), de DEF CON DOS.  
 Malos tratos, de KUKAS.  
 Caperucita roja, de ISMAEL SERRANO.  
 Mujer Florero, de ELLA BAILA SOLA  
 Mujer contra mujer, de MECANO  
 Se acabó la fe, de MELÓN DIESEL.

### Imaxina

¿Que poden gañar os homes nun mundo de igualdade?  
 Elabora un plan de conducta que estea claramente liberado das imposicións dos estereotipos de xénero, tanto para un mozo como para unha moza.